



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Avda. de Ourense, 184  
32630 XINZO DE LIMIA (Ourense)

Tel.: 988788548 Fax.: 988788558  
ies.lagoa.antela@edu.xunta.es  
www.edu.xunta.es/centros/ieslagoaantela

IES Lagoa de Antela

Benqueridos pais, nais e titores,

A Consellería de Educación da Xunta de Galicia ven de publicar a *ORDE do 12 de maio de 2020 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2020/21 (código de procedemento ED330B).*

De maneira resumida recordámoslle as características e requisitos básicos para cada unha das modalidades:

► **PARTICIPACIÓN NO FONDO SOLIDARIO:**

- Alumnado da ESO.
- Solicitantes: todo o alumnado admitido, con independencia da renda per cápita da unidade familiar.
- Axuda: A asignación dos libros farase por orde inversa á renda familiar per cápita ata que se esgoten os manuais garantindo, en calquer caso:
  - Alumnado con renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 €: 6 libros de texto.
  - Alumnado con renda per cápita familiar igual ou inferior a 10.000 €: 4 libros de texto.

► **AXUDAS PARA ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR:**

- Alumnado da ESO.
- Pode solicitarse cando a renda per cápita familiar sexa igual ou inferior a 6.000€.
- Importe da axuda: 50 €.

Existen tamén axudas específicas para alumnado cunha discapacidade igual ou superior ao 65 %, e tamén para alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

A **solicitud**, dispoñible no centro, será presentada polos pais, única para todos os fillos admitidos no centro no curso 2020/2021 e poderá entregarse na Secretaría do centro, ou ben por vía electrónica en <https://www.edu.xunta.es/fondolibros/>. Deberase acompañar a documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento (Anexo I, Anexo II, copia libro de familia e/ou documentos complementarios...) O prazo para a presentación remata o **19 de xuño**.

Como sabedes todo o alumnado da ESO que recibiu libros do Fondo de Libros, ou tivo axudas públicas para a adquisición de libros durante este curso, **deberá devolvelos, incluíndo os correspondentes as materias suspensas**, na data que se comunicará no seu momento, metidos nunha bolsa e cunha etiqueta identificativa (Curso/Grupo/Nome).

Aqueles libros que estivesen estragados ou perdidos, e que foran comprados co cheque aportado pola administración ou que sexan do Fondo de Libros, deberán ser substituídos por outro da mesma condición que o orixinal.

Recordámosvos que todo o alumnado pode participar no Fondo de Libros aínda que a asignación farase por orde inversa á renda familiar. Por iso pedímosvos que valoredes a opción de doar os manuais que os vosos fillos e fillas xa non van a necesitar ao Fondo de Libros xa que cantos máis exemplares teñamos máis alumnado poderá beneficiarse deles.

Posteriormente, en datas que tamén se comunicarán máis adiante, **o alumnado con materias suspensas recibirá os libros destas**, do seu mesmo lote de libros, para preparar as probas extraordinarias de setembro. **Estes libros deberá devolvelos en setembro ao rematar as probas extraordinarias**.

O **alumnado que non entregue** os libros no prazo que lle corresponda, **non poderá optar nin ao Fondo Solidario de Libros nin as Axudas económicas** que a Xunta convoca para o vindeiro curso, tal como estipula a normativa arriba citada.

O alumnado que repita 4º da ESO e aquel que non obteña praza en formación profesional básica no curso 2019/20 e formalice a matrícula no curso da ESO que lle corresponda, cando non tivesen presentado solicitud de participación no fondo solidario nin de axuda para adquirir material escolar no prazo indicado, tamén poderá presentala no prazo dun (1) mes desde a formalización da matrícula.

O director,



Asdo. Manuel Grande Rodríguez